



## BARBANTIA: PRIMEIRO ANIVERSARIO.

O mediodía do sábado 13 de novembro do ano 2004, no primeiro andar do Centro Social de Boiro, comezaba o seu percorrido a Asociación Cultural Barbantia, xestora por aqueles días da **II Semana da Cultura Galega Actual**, que congregaría na vila boirense durante seis días ao máis substancial da cultura barbanzá. Era a presentación en sociedade.



Alí estaba, connosco, Xavier Cortés Laíño, concelleiro que con tanto entusiasmo acollera o proxecto presidido por Antón Riveiro.

Ao seu carón, o alcalde, Xosé Deira Triñanes, promotor das xornadas e socio xa de Barbantia; a Xunta Directiva, daquela aínda só xestora, e os máis de vinte socios fundadores. Todos celebraríamos o nacemento da Asociación asistindo, xornada tras xornada, ás

conferencias, exposicións e concertos que completaban o programa da Semana da Cultura, cuxa temática xiraba en torno ao Barbanza.

Naqueles días de fervello cultural en Boiro, lembramos a figura do polígrafo Ramón Fernández Mato, atendemos ao décimo aniversario do grupo Teatro do Improvisto, escoitamos debater a historiadores e investigadores,



presenciamos unha mesa redonda sobre a situación da pintura na comarca, inauguramos a exposición de gravados de Manuel Ayaso, vimos a Alfonso Costa impartir unha clase mestra no Bacharelato de Artes do IES "Praia Barraña", gabamos a creación poética do autor rianxeiro Brea Segade, desfrutamos coas arpas e a voz de Sete Saias e asistimos a unha xuntanza sen precedentes, a

dos alcaldes de todos os concellos de Barbanza e Arousa Norte. A singradura acababa de comezar.



O próximo destino da Asociación había ser **Noia**, o venres 21 de xaneiro, para arrouparmos a Xerardo AgraFoxo na **presentación da súa novela *Unha viaxe no Ford T***.

Máis de duascentas persoas ateigaban o fermoso Coliseo Noela, nun acto que contou coa asistencia do director da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes, o escritor e crítico literario Bieito Iglesias e Antón Riveiro Coello. AgraFoxo debullou a esencia, que non a trama, da novela, galardoada semanas antes co Premio García Barros 2004, e explicou que se trataba da segunda peza dunha triloxía tecida cos fíos do amor, as viaxes e a literatura, que había ter no *Caderno Azul* a terceira e derradeira entrega. Falouse de Hemingway e o seu vencello con Galiza, dos influxos diáfanos de Conrad e London na narración de Xerardo, e da habilidade coa que este engaiola ao lector, "retorcéndolle o pescozo ao documento histórico", en verbas de Víctor Freixanes. O acto rematou tal como empezara, cunha actuación ao piano de Verónica Martínez. A música dunha partitura de Chopin viaxou pola cúpula do Coliseo Noela no inmemorable colofón daquela xornada literaria de inverno.

Á semana seguinte, o venres 28 de xaneiro, saía co diario *La Voz de Galicia* o primeiro **número do suplemento *A Voz de Barbantia***. Foi no auditorio de **Ribeira**, na compañía dun público ben numeroso e coas intervencións do Concelleiro de Cultura, Luciano Fernández, e dos xornalistas barbanzáns Xosé Vázquez Hermida, corresponsal de *El País* en Galiza, e Moncho Ares,



delegado de *La Voz de Galicia* na nosa comarca. Xesús Fraga Sánchez, escritor e tamén xornalista da *Voz*, sumouse a eles nunha mesa redonda na que se esmiuzaron os contidos do suplemento, ao tempo que se mencionaban os nomes dos primeiros colaboradores: Xosé Luis Axeitos, autor da entrevista ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro

Fernández, presente na portada; Antón Rodríguez Gallardo, que nos fixo a semblanza de dúas pioneiras comprometidas: Manuela del Río e Bríxida Muñiz; Xoán Pastor Rodríguez, procurando a memoria de Manuel de Marcos, un poeta de Ribeira na segunda metade do século XIX; Pedro García Vidal, quen tratou o argumento de *Unha viaxe no Ford T*, a novela de Xerardo Agrafoxo, na sección do "Andel"; Xosé Ricardo Losada, co inicial dos seus "Acasos"; Fran Blanco Alcaide, pintor e profesor no Bacharelato de Artes do IES "Praia Barraña", que fixo unha análise crítica da *Familia* de Manuel Ayaso, no espazo adicado ás "Letras da Arte", e Fernando Lavandeira, tradutor dunha foto antiga á verba no "Fío de Ariadna". Asemade, Milagros Torrado inauguraba a sección "En obras", destinada a que os autores noveis

conten cun sitio no que daren a coñecer os seus traballos, e o poema de Xosé O. Espasadín *Dolmen de Oleiros* abría as "Palabras na paisaxe". Finalmente, Francisco Herbón Rodríguez, un banqueiro arestora xubilado, era o primeiro "Lector" que nos falaba das súas preferencias literarias.

O derradeiro fin de semana do mes de febreiro volvemos visitar **Noia**. De novo, máis dun cento de persoas acolleron a **presentación da Voz de Barbantia**, neste caso no seu segundo número. Nel, Ana Romaní era



obxecto da entrevista da portada, a cargo agora de Iria Lago García, presidenta do "Colectivo Sacou". Daniel Bravo, Rodrigo Rey, Xoán X. Mariño, David Pérez Iglesias e Xerardo Agrafoxo engadíanse ao elenco de colaboradores do suplemento. En "Palabras na paisaxe", recuperábase un texto de Antón Avilés de Taramancos, e na sección dos "Escritores", Pastor Rodríguez desvelábanos que Robert Lima, o grande hispanista

norteamericano, é de orixe noiesa. Un rapaz de dezanove anos, Xosé Francisco Pais López, era autor do relato da sección dos novos escritores, e Mercedes Sánchez Romero, enfermeira de profesión, contábanos as súas inclinacións literarias.

Pero en Noia tamén contamos coa agradable compañía dunha das figuras máis sobranceiras na narrativa galega dos nosos días, Rosa Aneiros. A autora de *Resistencia* aceptou a proposta de presentarmos xuntos a súa última novela, *Veu visitarme o mar*, sendo o membro da Asociación que máis amizade garda con ela, Xerardo AgraFoxo, o encargado de achegarnos, mediante unha amena entrevista *in situ*, na Casa de Cultura "Antón Avilés de Taramancos", o pensamento e inquedanzas desta escritora chamada a ocupar por moito tempo un lugar cimeiro na literatura galega actual. E non a louvo de tal xeito por tratarse dunha socia de Barbantia, malia que tamén este feito cómpre resaltalo, senón porque tódolos premios acadados e as numerosas críticas favorables que sobre a súa obra se teñen feito, así o testemuñan.

Abandonamos de momento Noia, mais só temporalmente, como habemos comprobar máis cedo que tarde. Ficamos xa no salón de actos do Museo Valle-Inclán, na **Pobra do Caramiñal**, pois aló nos desprazamos o venres 1 de abril deste ano, para dar a coñecer o terceiro número do suplemento e presentar *Ese unicornio rosa*, libro de Carlos Mosteiro do que o coordinador das coleccións infantís da editorial Edelvives Tambre, Ignacio Chao, sinalaría que é unha "metáfora constante, alegoría dun soño de xustiza, espello da fidelidade a uns valores e a un compromiso moral." Tamén Suso Laíño había participar aquela tarde, e puidemos aprender moito de canto relatou, porque realizou un erudito repaso da historia da literatura infantil e porque



analizou, así mesmo, tanto as entreteas do xénero como as da obra de Carlos Mosteiro.

Do mesmo xeito que sucedera cos dous anteriores, a terceira edición da *Voz de Barbantia* foi recibida con parabéns por parte das autoridades municipais, neste caso representadas nas persoas de Antonio González Millán, Concelleiro de Cultura, e Isaac

Maceiras, alcalde da Pobra do Caramiñal. Novamente Moncho Ares acudiu á cita, ao igual que Antón Riveiro, ámbolos permanentes participantes en todos os actos de presentación do suplemento cultural ao longo do ano. E respecto dos contidos deste terceiro número, cómpre lembrar que a figura de Anxo Rei Ballesteros era obxecto da entrevista da portada; que X. Pérez Besada e X. M. Pérez Lustres se engadían aos investigadores que tecen as liñas da "Historia"; que Leonardo da Jrandá (ou Francisco Sanisidro) habitaba entre os "Escritores" vencellados ao Barbanza; que Carlos Mosteiro recoñecía a Carlos Montenegro no "Fío de Ariadna"; que Gonzalo Trasbach pescudaba os segredos dun cadro de Xoán Fernández nas "Letras da Arte"; que María Xesús Blanco López se asomaba á fiestra dos escritores noveis, e que un texto de Méndez Ferrín falaba de lembranzas nas "Palabras na paisaxe": *Erguíanse voces, e puños, eiqú e acolá. E vouche ao conto, Narda: os meus abós paternos, arraizados dende sempre en Santa Uxía de Ribeira, participaron entregues na guerra da traíña: manifestacións, protestas, que tiveron ramo de remate na Póboa do Caramiñal.*

29 e 30 de abril de 2005: **I Encontro de Escritores do Barbanza.** Chegamos a un dos cumios na actividade que Barbantia veu desenvolvendo durante este último ano. En estreita colaboración co concello sonense e a



Deputación Provincial da Coruña, no derradeiro fin de semana do mes de abril inaugurabamos, nunha moi acolledora Casa da Cultura de **Porto do Son**, a primeira xuntanza de artistas, de creadores barbanzáns, na que preto de trinta pintores da comarca lles poñían cor aos versos doutros tantos poetas vencellados á Terra dos *Praestamarci*. Non vou nomealos a todos eiqú, pero adianto que, en non moito tempo, todos os poemas, a meirande parte

deles inéditos, serán publicados nun libro, acompañados dos seus correspondentes cadros, fotografías e debuxos.

A representación institucional que asistiu ao Encontro de Creadores de Porto do Son estivo encabezada polo Delegado de Cultura da Deputación da Coruña, Celestino Poza, e o alcalde Ramón Quintáns, así como polo Concelleiro de Cultura, Pastor Rodríguez, membro fundador de Barbantia. Os tres gabaron a exposición que alí tiña lugar, e desfrutaron, do mesmo xeito que os demais asistentes, tanto coa proxección dos cadros e poemas no canón de vídeo, coma coa conferencia que, centrada no eido mariñeiro, ofreceu un ilustre investigador sonense, Francisco Calo Lourido, clase mestra integrada tamén no programa do Encontro, ao igual que os relatorios da mañá do día seguinte, a cargo de Aurora Marco e Blanca Ana Roig-Rechou, nos que Avilés de Taramancos dun lado, e a literatura infantil e xuvenil do outro, tomaron protagonismo.

Non quixera marchar do Son sen antes aludir aos contidos do cuarto exemplar da *Voz de Barbantia*, presentado así mesmo naquelas xeiras. O "Convidado" da portada fora entón Francisco Calo, figura crítica e sincera que non deixou indiferente a ninguén. Manuel Mariño del Río falounos, na sección da "Historia", do comercio marítimo entre Vigo e Porto do Son no século XX; o autor de *Nebra. Historia dunha matanza*, Xerardo Díaz Fernández, encheu o espazo dos "Escritores"; Francisco Calo atendeu ao vento na cova de Fonferrón, en "Palabras na paisaxe"; Román Arén comentou *Ese unicornio rosa*, no "Andel"; as lanchas do xeito foron descritas por Ramón Carredano, na ventá ao pasado do "Fío de Ariadna"; Antonio Piñeiro tróuxonos a *poesía visual* da obra de Pilar Axeitos; e Luis Teira protagonizou "En obras". Carme Amar Martínez, farmacéutica, fora a lectora daquel produtivo mes de abril.

Ao partir do Son démonos conta de que estabamos incrementando o nivel dos actos culturais mes a mes, e facíase complicado imaxinar como o poderíamos solucionar en **Boiro**, despois da tan satisfactoria experiencia sonense. Decidimos entón que non era plausible anguriarse coa necesidade



de mellorar as presentacións cada trinta días, así que deixamos que a convocatoria de maio ficase en mans de Antón Riveiro e dunha amiga persoal, Sonia Lebedynski, vocalista de Fía na Roca. O resultado foi espléndido. Ámbolos encargáronse de tocar e cantar algúns dos poemas pertencentes a *Limaiaé*, poemario que presentamos na Casa de Cultura "Ramón Martínez López", de Boiro, o fin de semana que pechaba o maio florido. Acompañando aos poemas de Riveiro, *Limaiaé* conta con gravados de Manolo Figueiras, pintor que soubo expresar co pincel o que Antón debuxara coa pluma. Pintura, música e poesía fixeron do acto do 27 de maio de 2005 un día para lembrar durante moito tempo.

O alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, e o Concelleiro de Cultura, Xavier Cortés Laíño, fixeron as veces de anfitrións, amais de na presentación do

libro de Antón Riveiro, na da quinta entrega do suplemento cultural *A Voz de Barbantia*, que contou cun dos puntos axiais no descubrimento da figura de Celestino García Romero, xesuíta, escritor e galego ilustre nado a mediados do século XIX, ao que o Concello de Boiro adicaría un Caderno Cultural pouco despois, e con quen Manuel dourado Deira conversou na portada do suplemento. Outros colaboradores daquel número foron: Rosa Enríquez, Mónica Rivas, Xan Bautista M. Lemiña, Xosé Ricardo Losada, Antón Rodríguez Gallardo, Fernando Lavandeira e Santiago Suárez. No apartado "En obras" escribiu María Loureiro Piñeiro, unha moza de Vilariño de tan só dezasete anos, e a lectora resultou ser unha culta bateeira, María Luisa Pérez Muñiz. Asemade, Ramón Martínez López tivo o seu sitio no espazo dos "Escritores".

Xuño foi o mes da homenaxe á poeta María Mariño. O lugar escollido, **Noia**, coa gratificante colaboración do Concello; os intervenientes, intelectuais, profesores e escritores que coñecen ben a obra da poeta. Os actos arrancaron o mércores día 8, cunha conferencia impartida polo académico



Xesús Alonso Montero e un concerto de tres membros do Conservatorio de Música de Noia; seguiron o xoves coa intervención de Manuel Caamaño; continuaron no serán do venres con Paulino Vázquez, e remataron o sábado coa

participación de Ana Romani, unha montaxe de vídeo composta por Suso Xogaina e a actuación musical de Serafín Marcos. Pero esta máis que xustificada homenaxe, se cadra serodia, á poeta María Mariño non ha ficar só no acto do presente ano, pois atópase xa preto o centenario do seu nacemento: será en 2007, e daquela volveremos a recordala, se cadra, no boirense Pazo de Goiáns, onde de moza teceu liño e la denantes de tecer versos no Courel, arroupada por Uxío Novoneyra.

Continuamos a nosa viaxe cultural polo Barbanza, e ficamos arestora en **Rianxo**, concello que a finais do mes de xuño acollía a presentación do sexto número da *Voz de Barbantia*. Nel, Xosé Luís Axeitos era o convidado da entrevista da portada; Xesús Santos Suárez encargábase da "Historia", cun texto no que pescudaba sobre o galeguismo e o compromiso social en Rianxo; Pastor Rodríguez facía acordanza do escritor Faustino Rey Romero; Rebeca Mariño etimoloxizaba Taragoña na *Voz da terra*; Xosé Ramón Brea Rey falaba do libro de Carlos M. Callón, *Unha historia que nos pertence. A poesía en galego de Lorenzo Varela*, no "Andel"; Ramón X. Santos Rodríguez escribía o relato de "En obras"; Santiago Páramo traía o *latexar das mareas* no "Fío de Ariadna"; Manuel Dourado lembraba aos barcos xeiteiros en "Palabras na paisaxe"; un cadro de Constante Gil ficaba analizado nas "Letras da Arte", e Suso Rañó Vilanova, panadeiro, respostaba á enquisa do "Lector".

Tal e como ocorrera na maioría dos actos de Barbantia, a presentación do suplemento complementouse en Rianxo coa dunha publicación; neste caso, tratábase do epistolario de Carme Muñoz, viúva de Rafael Dieste, que editaba Edición do Castro dentro da colección *Biblioteca do exilio*. Ao



Cuartel Vello asistiron Charo Portela e Xosé Luís Axeitos, autores da obra, e, con eles, o insigne Isaac Díaz Pardo, que tivo palabras de gabanza cara a viúva de Dieste: *Dieste era un escritor excepcional; e Carme, o seu anxo da garda. Ela era a que vivía na realidade, porque el era tan estupendo que estaba nas nubes. Dieste foi o autor da relatividade.* E agradecidos polo acolledor recibimento que nos dispensou o rexedor, Pedro Piñeiro Hermida,

finalizabamos na vila rianxeira o noso percorrido ate despois do verán, logo dunhas necesarias vacacións.

No mes de setembro volvemos ao traballo. Desprazámonos á **Serra de Outes** para compartir con Ramón Blanco, Pilar Sanpedro e Santiago Nieto o nacemento dunha aproximación didáctica a Francisco Añón, da que os tres



son autores. Tampouco faltou o presidente da editorial *Toxosoutos*, Xosé Agrelo, que destacou a calidade da obra e se felicitou polo labor de Barbantia. Ademais dos mencionados, estiveron presentes Moncho Ares, Antón Riveiro e o alcalde de Outes, Carlos López Crespo, ao que lle agradara

sumamente a confección do sétimo número do suplemento cultural. Neste, o "Convidado" era Rodrigo Romani, compositor e músico noiés pero afincado en Outes. Xoán X. Mariño facía memoria do campo de concentración que houbo nun tempo no serradoiro de Outes; Moncho B. Fernández resumía no "Andel" as páxinas de *Francisco Añón: aproximación didáctica*; Aldara Fernández Núñez, unha rapariga de dezasete anos, relataba no "En obras" unha historia de amor sen final feliz; Francisco X. Fernández naval detallábanos en "Palabras na paisaxe" a xeografía outense; Francisco Añón recibía parabéns na sección dos "Escritores"; Manuel do Río Rodríguez comentaba a maxia do templo de San Cosme nas "Letras da Arte"; Xoán F. García Suárez falaba do barrio da Cruz en "Acasos"; Santiago Nieto desafiaba o "Fío de Ariadna", lembrando a chegada dos barcos ao porto do Freixo; e Vicente Fernández, vendedor de prensa, respostaba ás preguntas do "Lector".

Polo de agora, Outes, Noia, Rianxo, Boiro, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal e Ribeira son os concellos que tivemos ocasión de visitar, mais aínda faltan Muros e Lousame, cando menos no intre en que redacto esta crónica de actividades de Barbantia, a xoves vinte de outubro do ano 2005, en plena III Semana da Cultura Galega Actual, que vai pola súa segunda xornada, das catro que consta, todas elas dedicadas á muller, e que xa no primeiro día contou coa presenza de María Xosé Queizán e da Conselleira de



Cultura, Ánxela Bugallo. Hoxe, tres representantes femininas dos tres partidos políticos representados na cámara autonómica -PSG-PSOE, BNG e PP- debaterán sobre "Muller e política." Mañá as protagonistas han ser as mulleres da Literatura; pasado mañá, "As mulleres e a cultura popular". En Barbantia, a cultura non se detén.

Alberto Piñeiro, tesoureiro da Asociación Cultural Barbantia.